



Concello de Baralla

BANDO

D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-

FAI SABER:

Con data 11 de outubro de 2022 publicouse no *DOGA (Diario Oficial de Galicia)* número 195, a resolución da **Axencia Galega da Industria Forestal** pola que se establecen as bases e a convocatoria das subvencións para a realización de proxectos e obras que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

LIÑA 1.1 axudas á **redacción de proxectos** de construción nova, rehabilitación ou reforma de naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.

LIÑA 1.2 axudas á **redacción de proxectos** de construción nova, rehabilitación ou reforma de **vivendas unifamiliares** que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.

LIÑA 2.1 axudas á **utilización de produtos** de madeira en obra nova, rehabilitación ou reforma de **naves e establecementos de negocio** que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.

LIÑA 2.2 axudas á **utilización de produtos** de madeira en obra nova, rehabilitación ou reforma de vivendas unifamiliares que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais.

CONTÍA DAS AXUDAS

| LIÑA 1.1 | LIÑA 1.2 | LIÑA 2.1 | LIÑA 2.1 |
|--|--|---|---|
| Entre o 70 % e o 90 % do gasto subvencionable Máximo 35.000 € | Entre o 70 % e o 90 % do gasto subvencionable Máximo 20.000 € | Entre o 70 % e o 90 % do gasto subvencionable | Entre o 70 % e o 90 % do gasto subvencionable |
| | | <ul style="list-style-type: none">✓ Máximo 20.000 € (custos cando menos o 20 % do presuposto de execución material)✓ Máximo 30.000 € (custos cando menos o 30 % do presuposto de execución material)✓ Máximo 40.000 € (custos cando menos o 40 % do presuposto de execución material) | |

En calquera caso, o importe máximo de subvención total acumulada por beneficiario será de 70.000,00 euros para aquelas persoas beneficiarias das liñas 1.1 e 2.1 e de 50.000,00 euros para aquelas persoas beneficiarias das liñas 1.2 e 2.2.

PRAZO DE SOLICITUDES

Desde o 14-10-2022 ao 15-11-2022

Esta subvención é en réxime de concorrencia non competitiva, é dicir, por **ORDE DE REGISTRO DE ENTRADA** da solicitude.

INFORMACIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIONES

Concello de Baralla, Oficina do Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (Alberto); Teléfono: 982363303.

Baralla, 14 de outubro de 2022

O ALCALDE

Asdo. Miguel González Piñeiro

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: AXZDGG75EA4CHSK2EH7MVLFFCJ | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1